

Resáltanse en amarelo cuestións que se repiten noutros apartados (análise de textos, análise de táboas, conceptos, ...)

1.- Fai un esquema e comenta brevemente o ciclo hidrolóxico.

Libro de texto punto 4.1. páx. 108

A auga pasa da hidrosfera á atmosfera por **evaporación**. Ao arrefriar **condénsase** e fórmanse as nubes. Coa **precipitación** a auga é devolta á superficie terrestre en forma líquida ou sólida e, a partir de aí pode seguir varios camiños:

A **escorrentía superficial**, que consiste no desprazamento pola superficie terrestre cara ás zonas máis baixas, xa sexa de maneira libre ou canalizada nos ríos.

A **retida**, nunha cantidade que está en función das características do solo, do clima (que facilita ou dificulta a súa retención en forma de xeo) e da acción dos seres vivos que a incorporan.

A de **infiltración** que, atravesando as capas permeables do terreo, se incorpora ás augas freáticas, dando lugar á **escorrentía subterránea**, que circula cara ao mar.

A auga que se incorporou á biosfera retorna á atmosfera por **transpiración** (**evapotranspiración** = evaporación + transpiración).

2.- Define e explica os mecanismos que poden dar lugar á aparición dun afloramento oceánico.

Libro de texto páx. 110

O afloramento oceánico consiste no reemprazo das augas superficiais por ascenso de augas profundas frías e cargadas de nutrientes e serven de base para o desenvolvemento dunha gran cantidade de organismos, entre os que abundan os peixes e as aves que se alimentan deles. Esta é a orixe dalgúns dos caladoiros máis importantes para a pesca: o de Perú, o de sur de Irlanda (Gran Sol) e o de Angola.

O afloramento prodúcese por:

- **Compresión da auga nos bordos occidentais dos océanos.** Como a Terra xira cara ó Leste, as augas tenden a retrasarse, acumulándose no bordo occidental de cada océano. Este feito é importante dende o punto de vista biolóxico xa que nas costas opostas prodúcese unha certa separación da auga superficial que é reempazada por auga profunda cargada de nutrientes.
- As **correntes de deriva oceánica en zonas próximas á costa** provocan o ascenso de correntes profundas ricas en nutrientes. Os alisios (que sopran de leste a oeste) desprazan a auga da superficie oceánica cara ao oeste, creando un baleiro de auga na zona superficial de onde parten, que propicia o ascenso de augas profundas e frías en substitución da desprazada polos citados ventos.

Nas rías galegas un fenómeno semellante dáse co vento do nordés.

3.- Que é un afloramento oceánico e que dous mecanismos poden dar lugar á aparición de dito fenómeno?

4.- a) **Que é un hidrograma e cal é a súa utilidade?** Libro de texto páx. 115

Os hidrogramas son as gráficas que relacionan as variacións do caudal dun río co tempo, serven para representar o funcionamento dun río como sistema hidráulico.

- ➔ **Hidrograma simple ou de chea:** representa a variación do caudal en relación a unha precipitación única..

Adóitanse realizar tras unha precipitación torrencial e serven para valorar as inundacións, predicir as enchentes e tomar medidas de protección contra as mesmas. **Fig. 36 páx. 66**

- ➔ **Hidrograma complexo ou anual:** representa as variacións medias do caudal ao longo dun certo intervalo de tempo, xeralmente un ano. **Fig 42 páx. 115**

Utilízanse para a prevención das inundacións e para determinar o aproveitamento hidráulico.

b) Que se entende por ‘caudal punta’ e por ‘tempo de resposta’?

- ➔ **Caudal punta:** máximo caudal rexistrado no hidrograma.
- ➔ **Tempo de resposta:** tempo transcorrido dende a caída da metade do volume da precipitación ata o momento en que o caudal acada o seu valor máximo como consecuencia de dita precipitación. É debido a que como ao inicio da precipitación o solo presenta unha determinada sequidade e absorbe a auga caída, a escorrentía superficial có comeza cando o solo acadou unha certa humidade.